

xénero

E DESENVOLVEMENTO



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento



Comisión de Xénero

Índice

Presentación.....	5
Os conceptos chave: sexo, xénero, sociedade patriarcal, sistema, roles e enfoque de xénero.....	7
1. Xénero e Cooperación ao Desenvolvemento	13
1.1. Evolución histórica	13
1.2. Datos sobre a relación entre muller e pobreza	21
1.3. Exemplos de discriminación que afectan á Cooperación ao Desenvolvemento	32
2. A concepción intercultural do xénero na Cooperación ao Desenvolvemento	35
3. O xénero nas ONGD: a aplicación do enfoque de xénero nas ONGD en Galicia.	41
4. Comunicar o xénero e linguaxe non sexista	45
Bibliografía.....	51

Edita: Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.
Fotografías cedidas por: Axuda en Acción e Solidariedade Internacional de Galicia.

Deseño: Serxio Suárez.
Imprime: La Ibérica (Santiago).

Depósito Legal:



Presentación

A Comisión de Xénero da Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) constitúese o 21 de xuño de 2007, tras a celebración da Asemblea Xeral do 26 de maio do 2007 na que se formulou a necesidade de crear Comisións de Traballo internas da Coordinadora co fin de paliar o déficit de participación real das ONGD integradas e para dar un pulo ao funcionamento da propia Coordinadora.

A iniciativa de poñer en marcha unha Comisión de traballo sobre xénero xorde das inquedanzas dalgunhas das ONGD que amosaban unha sensibilidade especial na tarefa da erradicación da desigualdade de xénero e o firme compromiso de integrar o enfoque de xénero nas súas actuacións e procedementos internos. Este propósito foi reforzado na Comisión de Xénero tras a realización dunha investigación sobre a integración da perspectiva de xénero nas ONGD, a través da que se chegou á conclusión de que, por regra xeral, nas ONGD galegas a incorporación da perspectiva de xénero non é unha liña estratéxica establecida, nin unha prioridade, polo que existe a necesidade de seguir avanzando neste aspecto.

Así, tendo en conta que a promoción da igualdade entre mulleres e homes é un dos 8 Obxectivos do Milenio e unha prioridade transversal da cooperación española e galega, cobra vida a Comisión de Xénero da CGONGD como resultado das demandas manifestadas polas organizacións sobre a necesidade de reflexión, formación e integración da perspectiva de xénero nas propias ONGD galegas. Consonte a estas necesidades o grupo de Xénero da Coordinadora asume como **obxectivos principais**:

1. Dinamizar e apoiar os procesos de incorporación da perspectiva de xénero en todas as actividades das ONGD galegas, especialmente nos seguintes eidos: funcionamento interno, proxectos de desenvolvemento e actividades de sensibilización e educación.
2. Lograr a integración do enfoque de xénero nas políticas públicas de cooperación.
3. Promover condicións para que as ONGD reflexionen e se formen nos temas que teñen que ver co logro da equidade de xénero no desenvolvemento.



4. Capacitar ás compoñentes da Comisión para impartir formación de xénero aos colectivos sociais galegos.
5. Propiciar a integración das estratexias de xénero dentro da estrutura interna da propia CGONGD.

Este manual é un paso máis nese camiño. Elaborouse para que as ONGDs dispoñan dun instrumento teórico para o debate e a reflexión sobre os temas de xénero e desenvolvemento. O manual consta de varios capítulos onde se abordan temas relacionados coa perspectiva de xénero no desenvolvemento (conceptos, evolución histórica...) aínda que non se pretenden abranguer todos os temas, nen tampouco discutilos en profundidade.

Esperamos que este manual axude a espertar nas ONGDs o seu interese para avanzar na toma de conciencia sobre a situación das mulleres e en suxerir propostas e solucións dende as nosas contornas na cooperación ao desenvolvemento de xeito que a meta da equidade de xénero forme parte integral da súa loita polo desenvolvemento humano.

Comisión de Xénero



Os conceptos chave: sexo, xénero, sociedade patriarcal, sistema, roles e enfoque de xénero

Este capítulo ten dúas partes diferenciadas. Na primeira imos clarificar os conceptos vencellados ao campo semántico do enfoque de xénero (sexo, xénero, sociedade patriarcal, sistema de xénero, roles de xénero) para, de seguido na segunda parte, analizar a relevancia e importancia teórica e práctica do enfoque de xénero.

É de vital importancia ter en conta as diferenzas que existen entre o concepto de sexo e xénero, xa que na actualidade a confusión entre os dous pode levarnos a unha perspectiva errónea sobre o tema que nos ocupa.

O sexo refírese ás características e aspectos biolóxicos que determinan ser muller ou varón, sendo “inmutables” e comúns en todas as sociedades e en todos os momentos históricos.

Por outra banda, **o xénero** refírese ás características persoais, actitudes, sentimentos, valores, responsabilidades, oportunidades, condutas e tarefas que diferencian a mulleres e homes a través dun proceso de construción social. É un proceso histórico que se desenvolve grazas á participación de diferentes institucións, como poden ser a familia, o Estado, os medios de comunicación, as escolas... que son os protagonistas do proceso de socialización que abrangue a todas as persoas e perpetúan, ensinan e facilitan o aprendizaxe destas diferenzas entre o feminino e o masculino. Este proceso supón a xerarquización das diferentes actividades e características dirixidas a mulleres e homes, desta forma as que se definen como masculinas adquiren maior valor e prestixio cas femininas. É importante ter en conta que o xénero inflúe nas expectativas das persoas, regulando a súa vida cotiá, a economía, a política, o mercado de traballo, etc. A diferenza do sexo, o xénero é modificable e cambiante no tempo e no espazo.

Un dos obxectivos que primou na aparición do concepto de xénero, que xurdiu nos anos 70 da man do movemento académico-feminista anglosaxón, foi resaltar as diferenzas que existían entre os homes e as mulleres, para facelas explícitas e así vindicar os seus dereitos e situarse



nun nivel igualitario e lexítimo con respecto aos varóns, co fin de facer visibles as diferenzas entre as construcións sociais e culturais dos atributos biolóxicos. Ademais o novo termo facilitaría un modo de descodificar o significado que as culturas outorgan as diferenzas que se dan entre sexos.

Por outro lado, o movemento feminista fíxose consciente de que centrarse unicamente nas mulleres implicaba que o problema, e por tanto a solución, limitárase ás mulleres. Pola contra, colocar o punto de atención nas relacións sociais facía que a análise fose global e máis amplo, facilitando a visibilidade das desigualdades e inxustizas que sufriran as mulleres ao longo do tempo.

A pesar da importancia da aparición do concepto de xénero e das novas implicacións que aportou ás teorías feministas, na actualidade moitas feministas formulan un debate que dubida da eficacia deste concepto, xa que a partir dos anos 90, cando se populariza e institucionaliza o termo, a maneira que con frecuencia se emprega elude a distinción ao equiparar xénero e sexo, perdendo así o seu significado inicial.

Pódese afirmar que o sistema de xénero que impera nas sociedades actuais establece diferenzas e constrúe desigualdades simbólicas e materiais. Ao existir unha orde vertical dos roles e das identidades de xénero, este contribúe a xerar unhas relacións de poder desiguais determinando que as mulleres se encontren nunha situación de subordinación con respecto aos homes. As **sociedades patriarcais** defínense como aquelas nas que priman os intereses dos varóns, contribuíndo a unha distribución desigual dos recursos e do poder, facendo que as mulleres sexan as protagonistas dun papel submisivo e inferior con respecto aos varóns, atribuíndoselles funcións e tarefas secundarias e pasivas, ademais de pouco valoradas dentro da sociedade.

Pierre Bordieu suxire que a orde social masculina está profundamente integrada, impoñéndose así mesma coma “natural”, facendo que se lexitime unha relación de dominación que é unha construción social bioloxizada.

Por outro lado, o **sistema de xénero** é un conxunto de elementos que inclúe formas e patróns das relacións sociais, prácticas asociadas á vida



cotiá, símbolos, costumes, identidades, vestimenta...que adquire de maneira diferenciada cada sexo para manter o “equilibrio social”.

Outra definición que axuda á comprensión das anteriores é a de **roles de xénero** que son as tarefas, funcións e condutas que tradicionalmente son asignadas a cada sexo como propio e que se aprenden e interiorizan a través das institucións e mecanismos que operan no proceso de socialización, determinando as súas accións e responsabilidades

Despois de expor de forma breve as definicións dos conceptos chave que nos axudan a comprender o que implica ser muller ou home na nosa sociedade, abordamos as cuestións relativas ao enfoque de xénero.

O **enfoque de xénero** é unha ferramenta de análise que examina as relacións sociais entre os sexos, facendo posible a visibilidade das inequidades e inxustizas que derivan dos patróns culturais que recaen sobre as mulleres, e que determinaron historicamente a súa posición subordinada e pasiva dentro da sociedade, limitando as súas posibilidades de realización, desenvolvemento e autonomía. Ademais aporta unha visión crítica e xustificada sobre a realidade social, cuestionando as valoracións tradicionais dos papeis das mulleres e dos homes, que a través do tempo se foron convertendo en relacións desiguais de poder e nunha distribución inxusta de coñecementos, propiedades e dereitos.

Ao tratarse dun enfoque político, teórico e técnico, este propón unha transformación das estruturas e dos piares que xeran as desigualdades de xénero en todos os niveis da vida das persoas, partindo da deconstrución do paradigma androcéntrico no que se ten en conta unicamente como centro das cousas ao home.

A análise de xénero conduce a un exame das estruturas sociais e das institucións en termos de como determinan beneficios ou desvantaxes a partir da condición de xénero.

Coa instauración da perspectiva de xénero, se contribúe á consecución de diversos obxectivos, entre eles:

- Identificar a situación real de mulleres e homes dentro da sociedade.
- Transformar a situación de desigualdade económica, política, cultural e social que recae sobre as mulleres, xerada polo modelo social.



- Dar resposta ás necesidades inmediatas de mulleres e varóns, facendo visible que estas son diferentes segundo o sexo e situándoas nun mesmo nivel, sen privilexiar a unhas sobre outras, o que suporía avanzar na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



Xénero e Cooperación ao Desenvolvemento



1. Xénero e Cooperación ao Desenvolvemento

Neste apartado imos centrarnos na evolución histórica do enfoque de xénero na teoría e práctica do desenvolvemento desde mediados do século pasado, analizando os diferentes enfoques (benestar, muller e desenvolvemento, xénero e desenvolvemento) para rematar na corrente dominante na actualidade da planificación de xénero.

De seguido, achegamos unha visión panorámica con datos relevantes para a relación entre muller e pobreza que nos permitan acadar unha perspectiva global e local da desigualdade por mor do xénero.

Por último, salientamos como a discriminación de xénero aparece como un risco nos proxectos e programas de desenvolvemento, por canto poden facer xurdir, reforzar ou mesmo incrementar as situacións discriminatorias e de desigualdade.

1.1. Evolución histórica

É necesario facer un pequeno apunte do proceso de incorporación do enfoque de xénero ou o que é o mesmo, da perspectiva de xénero, na teoría e práctica do desenvolvemento.

Os debates relativos aos resultados do desenvolvemento nas vidas das mulleres e sobre a igualdade de oportunidades entre os sexos, puxeron de manifesto diversas formas de abordar o papel das mulleres beneficiarias da cooperación. Deste modo, aínda que os distintos enfoques e estratexias xurdiron en distintos momentos, na actualidade coexisten e seguen vixentes no traballo das institucións gobernamentais e/ou non gobernamentais da cooperación internacional.

O enfoque do Benestar

Foi introducido nos anos 50 e 60, sendo o primeiro enfoque das políticas de cooperación relativas ás mulleres nos países do Sur, desenvolvéndose como modelo residual da asistencia social e do “paternalismo” e levado a cabo polas autoridades coloniais.

Un dos facilitadores desta incorporación foi a *Primeira Década do Desenvolvemento*, nomeada polas Nación Unidas en 1960, o que signi-



ficou a posta en marcha de actividades de atención social a grupos que quedaban á marxe. Traballábase dende unha óptica dos marxinados e se reproducía o rol maternal e reprodutivo das mulleres. O seu obxectivo foi a modernización e a redistribución dos beneficios acaecidos do crecemento económico. Contrariamente ás expectativas, os resultados foron moi negativos, deixando un índice de pobreza moi elevado nos países do Sur.

Esta década destacou pola invisibilidade das mulleres nas propostas de desenvolvemento xa que os proxectos se basearon na idea de que o que beneficiaba aos homes, indirectamente, o ía facer sobre as familias e, polo tanto, ás mulleres.

As actividades encamiñadas polas organizacións que xurdiron destas políticas tiñan unha visión moi tradicional e simplista das mulleres, que eran vistas como meras receptoras pasivas de recursos e nas que se explotaba o seu rol de nais e esposas, partindo dunha perspectiva occidental da familia patriarcal. É dicir, eran susceptibles de recibir asistencia social pero non de formar parte na toma de decisións sobre o tipo de intervención que máis lles beneficiaba, ademais de quedar patente que o rol máis importante que poderían desempeñar as mulleres dentro da sociedade era o da maternidade, sendo a súa contribución mais efectiva ao desenvolvemento económico.

Foi a principios da década dos 70 cando as mulleres comezaron a ser protagonistas dos recursos, isto motivado pola constatación, por parte das organizacións internacionais, de que o crecemento demográfico ía unido ao crecemento económico e como resultado puxéronse en marcha campañas de control da natalidade.

Os proxectos sustentados polo enfoque do benestar tiveron boa aceptación na cooperación para o desenvolvemento xa que, ao non pór en dúbida os papeis tradicionais atribuídos ás mulleres, foron pouco perturbadores en termos sociais e políticos. Desta maneira non propiciaron un cambio real na posición social das mulleres, senón todo o contrario, perpetuaron e lexitimaron a súa condición de desigualdade.



Mulleres e Desenvolvemento (MED)

Dende o comezo da década dos 70 o enfoque de benestar comezou a recibir fortes críticas por parte das académicas feministas que estaban preocupadas por incorporar ás mulleres no desenvolvemento. Entre algún dos problemas que lle atribuían ao enfoque de benestar pódense distinguir os seguintes:

En primeiro lugar, defínese as mulleres como un colectivo vulnerable, considerándoas como meras receptoras pasivas dos recursos e descoñecendo o seu importante papel na economía.

Por outra parte, o enfoque do benestar non expón de forma clara e concisa quen son os beneficiarios reais dos programas de desenvolvemento.

Por último, ao ignorar as relacións de poder e subordinación entre os xéneros, faise complexo explicar a situación das mulleres na sociedade e o seu precario acceso aos recursos e oportunidades de desenvolvemento.

Xorde neste contexto, nos anos 70 e comezos dos 80 a *Segunda Década do Desenvolvemento*, onde ademais do crecemento económico mostrábase interese pola redistribución da riqueza, neste sentido o centro de atención dirixiuse á satisfacción das necesidades básicas das familias e das comunidades, co cal, indirectamente as mulleres cobraron protagonismo xa que son elas as principais facilitadoras de recursos básicos, o que contribuíu a estimular a toma de conciencia, o interese e o compromiso dos organismos internacionais e nacionais que se ocupaban do desenvolvemento respecto ás cuestións das mulleres.

Polo tanto, este enfoque ten como unha das súas características a énfase na autonomía económica das mulleres como garantes da satisfacción das necesidades básicas implicando unha modificación na concepción do desenvolvemento.

O seu obxectivo prioritario é a integración das mulleres no desenvolvemento aproveitando as súas capacidades produtivas e o seu papel na economía familiar, pero sempre dende unha óptica micro, en actividades tradicionalmente femininas, pouco competitivas no mercado e sen facer visible, recoñecido nin valorado o seu papel reprodutivo no coidado familiar e comunitario.



O cambio de paradigma veu incorporado pola economista Ester Boserup afirmando que a imposición occidental das relacións de xénero nos países do Sur supoñía un desempoderamento das mulleres. Entre outras consecuencias, conlevou a relegar ás mulleres a un papel económico secundario e á introdución de elementos propios da división dos ámbitos públicos e privados das sociedades modernas occidentais, onde as mulleres estaban adscritas ao seu rol maternal e doméstico mentres os homes ao produtivo e instrumental. Ademais afirmou que a participación das mulleres no desenvolvemento dos proxectos era nula como consecuencia da visión estereotipada dos responsables da planificación. A súa achega foi positiva, xa que amosou o traballo fundamental que exercían as mulleres dentro da sociedade nas que estaban inmersas, aínda así, non foi capaz de xustificar as causas da desigualdade sexual.

No mesmo momento as mulleres feministas que integraban as axencias de desenvolvemento puñan de manifesto que as persoas encargadas do deseño das políticas non tiñan unha perspectiva neutral, senón que estaba sesgada e influenciada polos estereotipos tradicionais o que repercutía na análise e diagnóstico dos problemas.

No 1975 iníciase a *Década das Mulleres* da ONU, coa *Conferencia Mundial das Mulleres*, celebrada en México o que facilitou o intercambio entre organizacións de mulleres e institucións e significou o inicio da creación de grupos, departamentos ou áreas de traballo de mulleres nos diferentes niveis institucionais.

Un dos primeiros resultados da *Década das Mulleres* foi a **estratexia de equidade**, aínda que no relativo aos proxectos de cooperación, a concepción das mulleres e o cuestionamento do sistema de relacións de xénero, non foi implementada.

Baixo a visión das mulleres como inmejorables provedoras de recursos dirixidos ás súas familias e á comunidade, as institucións de desenvolvemento aportaron recursos económicos para que puideran satisfacer as necesidades de servizos á poboación. Desta maneira púxose énfase na importancia de incrementar os ingresos das mulleres pobres, recoñecendo o seu rol produtivo e buscando satisfacer as súas necesidades prácticas de xénero no relativo á obtención de emprego e acceso aos



medios de produción. Ademais estas políticas orientábanse a mobilizar ás mulleres para que formasen colectivos e cooperativas dedicadas a xeración de ingresos, pero estas medidas non viñan acompañadas da capacitación técnica e económica necesaria para o seu bo funcionamento.

Esta estratexia por si mesma, satisfizo as necesidades prácticas das mulleres pero non atendeu aos seus intereses estratéxicos.

A suposta integración das mulleres no desenvolvemento por esta vía supuxo que se perpetuara a súa discriminación e marxinación estrutural, xa que o seu espazo e as súas actividades continuaban reducidas ao mundo considerado tradicionalmente feminino. Polo tanto o obxectivo principal non era eliminar a subordinación e explotación das mulleres senón maximizar a súa contribución económica.

Isto estivo acompañado polo deterioro da economía mundial dos anos 80 e polos programas estruturais postos en marcha polo Fondo Monetario Internacional, así como polo ascenso das políticas neoliberais do libre mercado. O que provocou que as mulleres reduciran as repercusións que supoñían os recortes nos gastos sociais, tendo que incrementar o seu traballo no ámbito doméstico e a súa contribución ao sector da economía informal.

Foron diversas as críticas que se lle atribuíron ao enfoque Muller no Desenvolvemento, entre elas pódense subliñar as seguintes:

A crítica principal que se lle atribúe é que non cuestionou a relación de xénero como a raíz da situación de desigualdade estrutural que sofren as mulleres con respecto aos varóns, xa que non se recoñece coma suficiente poñer o centro de interese exclusivamente nas mulleres.

En segundo lugar é necesario resaltar que os logros conseguidos mediante a posta en marcha deste enfoque foron en termos das políticas simbólicas e non en termos de obxectivos concretos.

Por outro lado, non supuxo avances no acceso á participación das mulleres no desenvolvemento senón que contribuíu a aumentar a súa carga laboral tanto no ámbito doméstico coma no mercado produtivo.

Neste sentido tivéronse excesivas expectativas dirixidas ao mercado, facendo depender a solución dos problemas das mulleres da súa integración ao mesmo.



A pesar das críticas expostas é importante recoñecer os aportes positivos que contribuíron a que a situación das mulleres na sociedade mellorase: o dereito ao divorcio, a custodia dos fillos e das fillas, o acoso a propiedade, o voto, etc. Que lograron que a igualdade legal das mulleres sexa un feito que hoxe aceptan a meirande parte dos gobernos do mundo.

Xénero e desenvolvemento (XED)

Na *III Conferencia Mundial da Muller* celebrada en Nairobi no 1985, a *Rede DAWN* (Alternativas de Desenvolvemento para as Mulleres na Nova Era) expuxo que “a igualdade das mulleres non é posible no actual contexto económico, político e cultural, na que os recursos, enerxía e control están en mans duns cantos” ao tempo que subliñaba que máis que “integrar as mulleres no desenvolvemento, o que fai falla é construír un novo modelo de desenvolvemento que teña como obxectivo contribuír ao maior acoso das mulleres ao poder, con especial énfase na mellora da súa posición social”.

Un dos aspectos que facilitou o paso do MED ao XED, a mediados dos anos 80, foi o cambio do centro de interese que pasou das mulleres e as situacións específicas ao xénero e ás relacións establecidas entre homes e mulleres, entendéndooos como entes construídos a partir das relacións de poder, existentes en toda institución social, dende as definicións de masculinidade e feminidade en cada cultura.

Por outra parte, cuestiona o carácter inmutable das desigualdades e do modelo de desenvolvemento dominante que xera pobreza e inxustizas, propoñendo unha alternativa de desenvolvemento humano, sostible e equitativo, que ofrezca a todas as persoas a posibilidade de crecer como tales en todas as esferas, tanto na económica coma na social, cultural e política, coa condición de que se teña como prioridade a existencia de relacións xustas entre mulleres e homes.

Ao contrario que nos modelos anteriores, neste as mulleres non son vistas coma colectivos vulnerables ou produtivos para o crecemento económico, senón como axentes activos de cambio que han de participar en todas as fases do proxecto de desenvolvemento e estar incluídas na toma de decisións que lles inflúan.



Polo tanto o seu fin é transformar as relacións de desigualdade entre mulleres e homes, traballando, dende unha concepción de sistema, global, con ambos xéneros. Ademais, entende que as relacións entre xéneros só se poderán transformar se cambia o sistema como un todo, non unicamente algún dos seus elementos.

As diferentes culturas especializaron aos seus individuos en función do seu sexo asignándolles espazos, tarefas, responsabilidades e cotas de poder diferenciadas. Ter en conta as relacións de poder é fundamental para traballar co fin da deconstrución do sistema. Neste enfoque considérase que a mellora no nivel de ingresos non asegura un incremento na autonomía das mulleres nin un cambio nas relacións de xénero, que poden continuar marcadas por situacións de violencia, dominación e poder.

Ao mesmo tempo, propón unha estratexia, o **empoderamento**, que contribúe a propiciar que as mulleres acedan ao uso e control dos recursos materiais e simbólicos, mellorando a súa influencia e participación activa na transformación social.

Esta estratexia xurdiu nos anos 80 da man dos colectivos de mulleres organizados en América Latina, África e Asia, tendo como principal propósito que as mulleres detenten poder nos ámbitos que rodean as súas vidas, dándolle vital importancia ao fortalecemento das súas organizacións que teñen como fin actuar de mecanismos para a participación dos sectores femininos nos espazos de toma de decisións.

O obxectivo da estratexia do empoderamento non significa obter o poder co fin de dominar aos outros senón que busca compartilo, incluíndo ás mulleres para que acaden un desenvolvemento óptimo de todas as súas capacidades e fortalezas que inflúa na dirección ao cambio social. Así, busca satisfacer tanto as necesidades estratéxicas como as prácticas.

Para que a estratexia poida funcionar de maneira eficaz é imprescindible que se xeren transformacións en todas as institucións económicas, políticas e sociais que aínda sosteñen, reproducen e perpetúan o control dos homes sobre as mulleres. Para logralo son necesarios os procedementos de planificación consultiva e participativa, ademais da mobilización e presión das mulleres organizadas.



Por outra parte é importante subliñar que os mecanismos de participación democrática dentro dos procesos de desenvolvemento son imprescindibles neste enfoque, por este motivo os gobernos e os axentes de cooperación teñen a capacidade de actuar como catalizadores do proceso de empoderamento mediante a creación de condicións facilitadoras de cambio.

En resumo, pódese dicir que o *enfoque de Xénero e Desenvolvemento* considera como elementos clave, a transformación da división sexual do traballo, o acceso e control dos recursos e beneficios e a participación activa no poder político e no proceso de toma de decisións. Ademais propón describir como se artellan en cada cultura estes elementos para xerar desigualdade e incidir naquelas cuestións necesarias para a súa transformación. Tamén afirma a necesidade de planificar e programar accións para incidir no sistema co fin de lograr un cambio positivo, mellorando a posición das mulleres e a eliminación das relacións de poder entre os xéneros.

Incorporando nos proxectos este enfoque preténdese que tanto mulleres coma homes participen activamente na mellora das súas condicións de vida, contribuíndo á superación das discriminacións das cales as mulleres continúan sendo obxecto e a promoción do seu empoderamento. É importante que o enfoque de xénero sexa comprendido como unha oportunidade para mellorar a situación non só das mulleres senón tamén das sociedades no seu conxunto, para o cal é imprescindible a participación activa dos homes.

En último lugar dicir que é a partir dos anos 90, dende o mundo do desenvolvemento, e principalmente dende as correntes feministas e promotoras do enfoque de Xénero no Desenvolvemento, cando se propón traballar na planificación de proxectos e programas coa integración da perspectiva de xénero en todas as fases do proceso, sendo continuo, permanente e sistemático. Ademais isto foi na *IV Conferencia Mundial das Mulleres (1995)*, onde se configurou un marco legal internacional no ámbito da cooperación ao desenvolvemento que salientou a necesidade de incorporar o enfoque de xénero de maneira transversal en todas as políticas e accións que se levaran a cabo.



Dende este momento, as investigadoras e profesionais que formaban parte do mundo do desenvolvemento viron necesaria a posta en marcha de procedementos, metodoloxías e ferramentas que constituísen o que se denominou **Planificación de Xénero**.

O obxectivo da Planificación de Xénero segundo Moser é “emancipar ás mulleres da súa subordinación e levalas a acadar a igualdade, a equidade e o empoderamento... (tendo en conta que) a diferenciación de roles e necesidades entre homes e mulleres é a que proporciona a base conceptual que subxace á planificación de xénero e a que determina que a emancipación das mulleres sexa a súa meta a longo prazo”

Este instrumento defende a importancia que ten desagregar as unidades de análise como a familia, a comunidade...e ter en conta as relacións, a distribución e o control dos recursos, ademais das diferentes necesidades segundo o xénero, co fin de non cometer erros no desenvolvemento dos proxectos.

Todo isto motivado porque o centro de interese da Planificación de Xénero son as relacións de desigualdade entre mulleres e varóns, atendendo ás necesidades de xénero das mulleres que están relacionadas en cada contexto cultural con outras relacións referidas á clase, idade, etnia, ideoloxía, relixión, etc.

Segundo Moser, planificar con perspectiva de xénero significa comprender o proceso de planificación como un mecanismo de natureza política xa que o fin da equidade entre as mulleres e os homes precisa unha redistribución dos recursos e do poder. Neste sentido, débese abordar o conflito que existe nas relacións de xénero e crear os piares para que a negociación de intereses xorda nun contexto de igualdade.

1.2. Datos sobre muller e pobreza

1. Índice de Equidade de Xénero (IEX).

As tres dimensións incluídas no IEX son: actividade económica, empoderamento e educación. Os valores posibles do índice sitúanse entre 0 e 100, tendendo a 0 nos países con menor equidade e a 100 en aqueles con maior equidade.



O IEX clasifica 154 países e verifica, de xeito concluínte que: en ningún país as mulleres gozan das mesmas oportunidades que os varóns; que para eliminar as disparidades de xénero non é necesario que existan elevados niveis de ingreso e que, se ben a situación das mulleres mellorou nalgúns aspectos ao longo dos anos, está claro que as súas oportunidades nos ámbitos económico e político aínda son limitadas.

O IEX presenta información para 40 países de África Subsahariana, 36 de Europa, 28 de América Latina e o Caribe, 19 de Medio Oriente e Norte de África, 18 de Asia Oriental e Pacífico, 6 de Asia Central, 5 de Asia Meridional e 2 de América del Norte. En conxunto, estes países representan máis do 90% da poboación mundial.

Analizando os valores xerais obtidos para 2007 pode sacarse unha primeira conclusión: a fenda de xénero persiste en todos os países do mundo!¹

Deste xeito analizando os datos pódese observar como Ruanda se sitúa no segundo lugar neste índice (84), ao mesmo nivel que Finlandia e cinco puntos por embaixo de Suecia, que ocupa o primeiro lugar. Ademais entre as dez primeiras posicións tamén atopamos países como Filipinas e Colombia ao mesmo nivel que Australia e Canadá por exemplo.

Continuando con esta liña de análise, os países que mais avanzaron nos últimos anos, medindo a variación en termos porcentuais, son Ruanda, seguido de Ecuador, Cabo Verde e Guatemala.

Xa que logo, podemos concluír que ingresos e equidade non gardan relación directa. O ingreso non é o único factor que explica a equidade nin a súa ausencia. Nin un elevado nivel de ingresos garante a equidade de xénero nin un baixo é condición suficiente que xustifique a fenda entre mulleres y homes.

Por exemplo:

- Países de altísimo nivel de ingreso per cápita como Luxemburgo ou Suíza teñen o mesmo nivel que Mozambique, cun nivel de ingreso notablemente máis baixo.
- Pola contra: Ruanda, Zambia ou Costa de Marfil, con similares niveis de ingreso, amosan notables diferenzas en equidade de xénero.

1. <http://www.socialwatch.org/es/avancesyRetrocesos/IEG/tablas/SWGEI.htm>



Os países con mellor IEX son: Suecia, Finlandia, Noruega, Alemaña, Ruanda, Bahamas, Dinamarca, Nova Celandia, Islandia, Países Baixos. Pola contra, os países con peor índice son: Iemen, Costa de Marfil, Togo, Exipto, India, Chad, Benin, Serra Leoa, Sudán, Paquistán e República Centroafricana.

2. As diferenzas entre homes e mulleres en España.

Un indicador privilexiado para detectar as diferenzas entre homes e mulleres en España vén sendo a enquisa de estrutura salarial.

A diferenza entre o salario anual medio dun home e dunha muller sitúase en case 6.000 €, segundo a Axencia Tributaria do Ministerio de Economía e Facenda.

SALARIO BRUTO ANUAL SEGUNDO ESTUDOS REALIZADOS, TIPO DE XORNADA E TIPO DE CONTRATO POR SEXO (DATOS EN MILES DE EUROS). AÑO 2002			
	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
POR ESTUDOS REALIZADOS			
Sen estudos	12'90	14'83	8'47
Estudios primarios	15'64	17'64	10'82
Primeiro ciclo secundaria	15'67	17'59	11'70
Segundo ciclo secundaria	21'63	25'32	16'48
Formación profesional grao medio	17'96	21'27	14'37
Formación profesional grao superior	20'99	23'52	16'13
Diplomado universitario o equivalente	25'76	30'75	21'15
Licenciado, enxeñeiros superiores, doutores	32'99	38'69	25'62
Por tipo de xornada			
A tempo completo	21'25	22'77	18'09
A tempo parcial	7'84	9'47	7'25
Por tipo de contrato			
Indefinido	22'08	24'81	17'44
Duración determinada	13'4	14'76	11'08

Fonte: INE. Enquisa de Estructura Salarial 2002



Segundo o INE, en media a ganancia dos homes é maior que a das mulleres. O salario medio anual feminino representa o 71.1% do masculino, aínda que esta diferenza debe de matizarse en función doutras variables laborais: tipo de contrato, de xornada, ocupación, antigüidade, etc., que inciden considerablemente no salario.

A porcentaxe de mulleres que gañan ata 10.000 € (29%) é maior co número de homes có mesmo nivel salarial (8%). A partir de 10.500 €, sempre é inferior o número de mulleres que percibe cada nivel salarial ao do homes que teñen o mesmo salario. O 20% dos homes superaron os 30.000 €, algo que aconteceu en pouco mais do 9% de mulleres; apenas hai mulleres que gañen 50.000 ou mais euros anuais, mentres que o número de homes segue a ser significativo (5%).

En conclusión, as mulleres teñen un salario inferior ao dos homes en todas as actividades económicas; destacando o sector educativo onde se detectan menores diferenzas. A maior diverxencia entre os salarios das mulleres respecto os dos homes dáse nos servizos profesionais.


3. Worldmapper e variables relativas ao xénero

As universidades de Sheffield (Inglaterra) e de Michigan (EE.UU.) son as impulsoras do proxecto Worldmapper, que consiste nunha colección de mapas elaborados mediante unha distorsión do perfil e tamaño dos países en función de diferentes variables. O seu obxectivo é tratar de humanizar os clásicos atlas para darnos a capacidade de ollar a realidade desde unha perspectiva distinta e, deste xeito, podermos actuar.



Mapa convencionanal para a elaboración do proxecto Worldmapper (M1)

De seguido, analizamos a situación das mulleres en función de distintas variables.



Esperanza de vida

Hai cinco territorios onde os homes chegan a vivir máis cás mulleres: as Maldivas, Nepal, Paquistán, Zimbawe e Zambia. Deses territorios, a maior diferenza en esperanza de vida é nas Maldivas onde os homes viven once meses máis cás mulleres.

No 2002, a expectativa de vida é maior para as mulleres que para os homes, en case todos os territorios. As maiores diferenzas prodúcense en Rusia (diferenza de 12 anos) e Kazaxistán (diferenza de 11 anos), onde en ambos os dous casos as mulleres viven máis cós homes.

Mortalidade Materna (M2)


No ano 2000, máis de 513.000 mulleres morreron debido ao embarazo ou causas relacionadas con este. O mapa amosa que a maior parte destas mortes maternas acontecen en territorios de Asia e África Meridional.

O índice máis alto de mortes maternas acontece en Serra Leoa, onde dúas nais morren por cada cen nacementos. No outro extremo, Malta e



Islandia non contabilizaron ningunha morte materna no 2000. A media no mundo é de 386 mortes maternas por cada 100.000 nacementos.

O tamaño do territorio amosa a proporción de mortes de mulleres durante o embarazo ou as acontecidas no prazo de 6 semanas tras o parto e debido a este.




Nivel de alfabetización (M3)

En América do Sur e no oeste de Europa as mulleres e os homes teñen niveis similares de escolarización. Pola contra, especialmente na India, China, Paquistán e na República Islámica de Irán, hai moitas máis mulleres que non poden ler ou escribir comparados cós homes que viven neses países.


Debemos de ter presente que o analfabetismo é unha das maiores manifestacións de desigualdade, dunha distribución desigual dos recursos na sociedade.

No seguinte mapa o tamaño do territorio é proporcional ao número das mulleres analfabetas de 15 anos, en cambio o número de homes da mesma idade analfabetos é menor no mesmo territorio.



Número de nenas matriculadas na Educación Primaria (M4)

O territorio onde existe unha maior fenda entre a taxa de matriculación de nenas e nenos na educación primaria vén sendo a India. Na India hai arredor 8 millóns menos de nenas matriculadas nos cinco primeiros anos da educación primaria (comparada cós nenos), dez veces máis que en calquera outro territorio.






Outros territorios onde hai unha gran diferenza na porcentaxe de nenos e nenos matriculados na educación primaria son: Iemen, Chad, Benin e Níxer.

Os 2.5 millóns menos de nenos que nenos matriculados no Norte de África representan tan só unha parte dos 9 millóns de rapazas que poderían estar matriculados nos cinco primeiros anos da educación primaria neses países.

Número de nenos matriculados na Educación Secundaria (M5)

Territorios cunha grande diferenza na porcentaxe de rapazas e rapaces na educación primaria adoitan ter unha maior diferenza na educación secundaria. Neses mesmos territorios hai significativamente poucos rapaces na educación secundaria, así que a fenda entre os números totais de rapazas e os rapaces matriculados en cada curso segue sendo cada ano aproximadamente de 3 millóns en todo o mundo.

En 104 territorios rapaces e rapazas gozan de equidade na matriculación, ou as rapazas superan levemente ao número de rapaces. Estes territorios atópanse principalmente en Sudamérica, Norte América, e Europa do Este. As anomalías nestas rexións, onde máis rapaces van á escola secundaria que rapazas son: Perú, Guatemala, Bulgaria, Italia e Suíza.




Número de persoas matriculadas na Educación Superior (M6)

Onde máis rapazas conseguen unha educación secundaria, máis mulleres que homes matricúlanse posteriormente na educación superior. As excepcións son Xapón onde son mulleres o 46% dos estudantes universitarios, e a República de Corea co 34%.

Onde menos rapazas que rapaces rematan a educación secundaria, a porcentaxe de rapazas e rapaces soe ser peor na educación superior. Onde moitos incluso non conseguen unha educación primaria, dos que a rematan e acadan a educación superior as mulleres son unha minoría.

En África Central, África do Norte, Asia Meridional e o Suroeste de África, as diferenzas de xénero comezan na educación primaria.

En 122 territorios o número de mulleres matriculadas na educación superior representa o mesmo ou superior ao de homes, facendo equitativos os números totais dos estudantes masculinos e femininos matriculados.




Horas dedicadas ás tarefas domésticas polas mulleres (M7)

Os homes en Xapón e Sudamérica pasan o menor tempo diario dedicado ao traballo doméstico ou non remunerado. O home medio en Xapón pasa 24 minutos ao día realizando tarefas domésticas; en Sudamérica pasan 54 minutos ao día en tales tarefas.



Os homes son informados para facer máis traballo doméstico en Oriente Medio. Aquí o home medio pasa 3 horas e 24 minutos realizando tarefas domésticas. Hai que ter en conta que a Federación Rusa está incluída no Oriente Medio. Os niveis máis altos do traballo doméstico masculino cando están medidos en medias rexionais, seguen sendo máis baixos cós niveis máis baixos do traballo doméstico feminino no mundo.

O tamaño do territorio amosa a proporción de todas as horas do traballo sen pagar ou doméstico traballado polos homes.




Renda total Feminina (M8)

A renda total de mulleres máis alta dáse nos Estados Unidos, e en segundo lugar en China. As mulleres nos Estados Unidos teñen unha alta renda total porque son algunhas das mulleres mellor pagadas do mundo. As mulleres en China gañan por debaixo da media mundial, pero teñen altas ganancias totais debido á gran poboación de China.

En Noruega e Dinamarca as mulleres contan coas ganancias anuais máis altas por persoa. As mulleres que viven en Iemen e Serra Leoa gañan 150 a 250 veces menos por persoa cós homes.

O tamaño do territorio amosa a proporción das ganancias mundiais das mulleres medidas en termos de poder adquisitivo local.



Empoderamento Feminino (M9)

Este mapa amosa como as poboacións se clasifican en función do empoderamento de xénero.

Esta variable é un indicador das oportunidades para as mulleres. Tense en conta a parte feminina da representación parlamentaria; proporcións das lexisladoras, das altas funcionarias, das encargadas, profesionais e técnicas que son mulleres; e a media das mulleres comparada coas ganancias masculinas. Segundo esta variable, ningún territorio ten as mesmas oportunidades para as mulleres que para os homes.



Os territorios onde as mulleres teñen máis oportunidades están en Europa occidental. A restrición das oportunidades acontece en Oriente Medio, Iemen e Arabia Saudita.

O tamaño do territorio amosa o grao relativo de igualdade de xénero.



1.3. A discriminación de xénero afecta á cooperación

A falta de equidade e a discriminación de xénero afectan a toda a sociedade posto que impide o desenvolvemento humano. De aí a necesidade de facer unha verdadeira transversalización do enfoque de xénero nas políticas tanto públicas como de cooperación, etc.

Os proxectos de cooperación afectan a mulleres e homes de forma distinta, e cun certo impacto sobre as relacións culturalmente establecidas entre ambos sexos nos contextos nos que se intervén.

Estas ideas non sempre estiveron ou están presentes na cooperación e isto provoca:

- A marxinación das mulleres das estruturas de toma de decisións, das actividades e tecnoloxías de maior produtividade,
- A invisibilización da súa contribución ao desenvolvemento das súas sociedades, nos máis dos casos porque non se cuantifica.
- A infravaloración das súas experiencias e coñecementos.



As decisións tomadas durante a planificación dun proxecto determinan o seu futuro impacto sobre a cultura e a igualdade de xénero, mesmo se se obvia.

Como ben sabemos, o xénero afecta ás diferenzas e á vulnerabilidade en función doutras diferenzas estruturais como a raza, a etnia, a clase social, a idade, a discapacidade, a orientación sexual, etc., e, con frecuencia, mesmo as reforza. Mesmo aquelas políticas que non parecen sexistas, finalmente, afectan de xeito diferente ás mulleres e aos homes.

Por exemplo, nunha iniciativa comunal de subministro de auga no medio rural ten dúas opcións:

- a) Pode facer esforzos para involucrar a mulleres e homes na identificación e manexo do problema;
- b) Pode non incluír esforzos para involucrar á muller, co que se reafirma a idea de que unicamente o home, ten o poder de tomar decisións. Deste xeito, soamente se consideran as prioridades e as percepcións dos homes.

Ao estudarmos un sector aparentemente neutro, como o dos transportes, atopamos diferenzas entre mulleres e homes en canto aos diferentes usos e o acceso aos medios de transporte públicos e privados. Deste xeito, as mulleres acceden con menor frecuencia a un coche particular e empregan máis os transportes colectivos. Mesmo neste aspecto, podemos ver que isto implica unha diferenza entre sexos en canto o tempo e os recursos.

En consecuencia, para as mulleres son máis beneficiosas melloras relativas á dispoñibilidade e o custe dos transportes públicos, especialmente en certos países.

Cando se regula o tempo de traballo ou os dereitos e dificultades asociados co traballo a tempo parcial, debemos considerar as diferenzas entre sexos en canto ao tempo dedicado tanto ao traballo remunerado como ao que non o é.

Á hora de formular un proxecto de cooperación debemos ter en conta que:



- a) a gran porcentaxe da xente que traballa a tempo parcial son mulleres.
- b) as mulleres dedican 2/3 partes do seu traballo a actividades non remuneradas, en cambio os homes tan só dedican 1/3.

Estas diferenzas fanse patentes á hora da participación (no só a nivel económico, senón social tamén) e evidentemente na distribución dos recursos (tempo, ingresos, educación, desenvolvemento profesional).

En conclusión, cómpre analizar se o programa ou proxecto a implementar vai reforzar estas diferenzas ou combatelas.



2. A concepción intercultural do xénero na Cooperación ao Desenvolvemento

Nos últimos 50 anos proliferaron diversas teorías sobre o desenvolvemento pero a que dominou ata os anos 80 foi o concepto de desenvolvemento considerado como a transformación que permite pasar dun modelo primitivo de produción cara a outros modos máis perfeccionados, co selo occidental, que dominou ata os 80.

Hai que pensar que nesta práctica de non ter en conta a cultura nos procesos de desenvolvemento é típica de todos os sistemas; o capitalismo e o socialismo deron un enfoque non cultural aos procesos de desenvolvemento. Para o socialismo é o mesmo promover procesos de desenvolvemento en Europa que en Asia e o capitalismo considera que os procesos de desenvolvemento son universais e que se progresa cos descubrimentos científicos e as leis do mercado.

Só a finais do século XX a UNESCO contempla a necesidade de incluír nos procesos de desenvolvemento o enfoque cultural e de garantir nestes procesos os dereitos culturais.

Se ollamos a historia, a cultura non é un conxunto estático de valores e prácticas. Nen segue un proceso lineal; cambia constantemente na medida en que as persoas cuestionan, adaptan e redefinen os seus valores e prácticas ante o cambio da realidade e o intercambio de ideas. Todas exercen unhas influencias e son influídas.

Cultura, tradición e autenticidade non son sinónimos de liberdade cultural. Non existen razóns aceptables que permitan prácticas que neguen ás persoas a igualdade de oportunidades e violen os seus Dereitos Humanos, como negar ás mulleres o mesmo dereito á educación. Tampouco existe unha disxuntiva entre o respecto pola diferenza cultural e os Dereitos Humanos e do desenvolvemento. O desenvolvemento debe incluír a participación activa na loita polos Dereitos Humanos e os cambios nos valores. Aínda que existe unha grande continuidade nos valores e tradicións das sociedades, as culturas tamén cambian e raramente son homoxéneas. Case todas as sociedades sufriron cambios nos valores: cambios con respecto ao papel da muller e a igualdade de xénero no século pasado.



Nesta era da globalización nen a comunidade internacional nen ningún Estado pode ignorar as demandas que se fan a favor do recoñecemento cultural.

Sen embargo, o estado de benestar acadado en occidente, levou á inmensa maioría das persoas desta parte do mundo a observaren ao resto soamente dende a súa perspectiva etnocentrista, e recoñece só os dereitos do individuo e non os dos pobos. O orgullo e a seguridade das súas conquistas fíxolles crer que este modo de vivir ha ser universal. Non poden imaxinar que existan pobos que non aspiren a este xeito de vida.

As desigualdades que sofren as mulleres nas oportunidades de gozar os Dereitos Humanos, e moi especialmente nos dereitos culturais, están profundamente arraigados na tradición, historia e cultura (que inclúe ás crenzas relixiosas). Esta situación evita que moitas mulleres poidan gozar en igualdade de calquera dos seus dereitos e favorece que en moitos casos existan prácticas que violan os seus dereitos fundamentais como a mutilación xenital, a violación como arma de guerra, os crimes de honor, os suicidios por viudade, a violencia de xénero...

A exclusión baseada no modo de vida segue a ser un fenómeno importante en moitos escenarios do mundo actual e ten diversas manifestacións. A intolerancia relixiosa segue a ser un importante xeito de exclusión e tamén o é aquela manifestada ante algúns patróns de conduta que atinxen aspectos estritamente persoais da vida, como o tratamento discriminatorio de gais e lesbianas, co agravante de que aquí a violación da liberdade cultural vai asociada coa negación da diversidade.

A insistencia en que moitos pobos do Sur abandonen os seus modos de vida tradicionais e adopten os da sociedade do Norte, acaban por copiar os patróns culturais occidentais; isto podería referirse incluso a comportamentos importantes na vida, como por exemplo nos dereitos sexuais e reprodutivos cando intentamos impoñer o modelo de parto europeo, cando unha maior parte do mundo o fai sentada... o que acaba creando o rexeitamento de moitas mulleres a acudir aos servizos sanitarios polo feito de sentírense intimidadas.

Dada a precariedade das culturas locais nun mundo que está tan dominado pola extrema exposición ás influencias do mundo occidental hai



polo menos dous temas de especial interese: o poder e a forza da cultura de mercado en xeral que constitúen parte integral do xeito en que se foi adoptando cada vez mais a globalización económica; e a asimetría do poder entre Occidente e os demais países, así como a probabilidade de que isto poida traducirse na destrución das culturas locais (a súa poesía, teatro, música, danzas, hábitos alimentarios...).

Para construír sociedades humanas e xustas compre entender a importancia que ten a liberdade en xeral e mais concretamente a liberdade cultural. O que implica que é necesario asegurar e ampliar de xeito construtivo as oportunidades das persoas para escolleren o modo de vida que prefiran e considerar outros alternativos. Dentro destas eleccións, as consideracións culturais ocupan un lugar preponderante.

Non se pode avaliar a diversidade cultural, especificamente dende a perspectiva do desenvolvemento humano, sen observar o proceso que conleva e o lugar que ocupa a liberdade das persoas na forma en que se toman as decisións. En que momentos a liberdade cultural é prexudicial para a muller? Hai prácticas xa coñecidas como a mutilación de órganos ou os canons de beleza e moda occidentais, que están consagradas polas normas dalgunhas culturas actuais pero que atentan particularmente contra a posibilidade de que as mulleres poidan dirixir as súas propias vidas.

Ás veces para defender prácticas en uso, sinálase que as mesmas mulleres soen actuar nestas normas culturais sen protestas.

É moi importante non caer na confusión de presumir que calquera tradicionalismo forma parte do exercicio da liberdade cultural e preguntarse se as mulleres, coa súa vida deteriorada por esas prácticas, tiveron a oportunidade de considerar alternativas e contar coa liberdade de coñecer os modos de vida no resto do mundo.

Mais a importancia da identidade cultural non se está a referir soamente aos éxitos e fracasos no ámbito social, político e económico, senón tamén á propia cultura.

Se a educación, expectativas, oportunidades, dinámicas, responsabilidades de homes e mulleres son diferentes... as súas perspectivas, experiencias e modos de vida, han ser diferentes e poderíamos entón falar dos



dereitos culturais das mulleres. Estes dereitos culturais incluírían temas como a identidade cultural, patrimonio, accesos e participación na vida cultural, educación e o dereito a información e comunicación.

Na Conferencia de Beijing, na que se adoptaron as dúas principais estratexias (gender mainstreaming e empoderamento das mulleres), ambas son aplicables ao ámbito cultural: no primeiro caso como unha feminización da cultura e no segundo cara a un empoderamento cultural das mulleres.

Ir cara á feminización da cultura supón dar acollida a coñecementos tradicionalmente femininos recoñecendo e valorando os seus modos creativos e os modos de afrontar conflitos. Unha cultura feminizada sería aquela onde as mulleres estarían presentes en todos os espazos da creación, da administración, difusión e xestión ao mesmo nivel cos homes. E ir cara ao empoderamento das mulleres (tamén empoderamento dos pobos) non é tan só un proceso individual senón tamén colectivo para permitir que tomen conciencia das súas opinións como creadoras e produtoras de cultura nun contexto de cambio económico e global.

É imprescindible que as mulleres participen nos procesos de desenvolvemento dende a súa experiencia e isto pasa por un redescubrimiento e revalorización. O empoderamento cultural das mulleres debería ter a mesma importancia que a defensa dos seus dereitos culturais.

Os dereitos culturais visibilizan e reducen as desigualdades entre mulleres e homes no libre goce dos dereitos culturais xa establecidos e tamén para seguir avanzando na procura dunha diversidade cultural que inclúa novos parámetros culturais mais xustos equitativos que permita que toda persoa ou colectivo poida gozar dos seus dereitos fundamentais.

Fomentar o diálogo intercultural é un xeito de xerar riqueza humana, é un deber para calquera grupo social que se tome en serio o desenvolvemento humano de toda a cidadanía, e apuntar, coa participación e a cooperación de todas as culturas, cara a unha nova orde de convivencia baseada no respecto aos Dereitos Humanos. Na comunicación entre culturas é condición indispensable, que cada unha recoñeza ás outras e que ningunha estea sometida ao poder do Estado ou de grupos hexemónicos. Polo tanto, urxe buscar referentes transculturais para lograr a globaliza-



ción e para chegar a unha cidadanía onde se recoñeza a diversidade cultural como base para construír unha democracia plena.

Cultivar a sensibilidade é un xeito de establecer relacións interculturais reais. O desafío constante para acadar a convivencia é posibilitar eses encontros de complementariedades sen prexuízos, sen dominación e en termos de equidade.

A interacción entre paz, democracia e desenvolvemento ten que ser unha realidade para recoñecer e valorar as culturas, promovendo unha coexistencia e o codesenvolvemento.

Incluír os dereitos culturais no seo dos dereitos fundamentais supón situalos no mais alto rango de garantías.

Na Convención da UNESCO da Diversidade Cultural atopamos un novidoso enfoque de medidas para a cooperación cultural como factor de desenvolvemento e de protección da diversidade. E na Carta Cultural Iberoamericana, aprobada en Montevideo no 2005, fálase do “principio de recoñecemento e protección dos dereitos culturais. Estes dereitos son a base da plena cidadanía e fan das persoas, no colectivo social, os protagonistas do quefacer no campo da cultura”





3. O xénero nas ONGD. Aplicación actual do enfoque de xénero nas ONGD de Galicia

A idea de integrar as cuestións de xénero na totalidade dos programas sociais quedou claramente establecida como estratexia global para promover a igualdade entre os xéneros na Plataforma para a Acción de Beijing. Transversalizar a perspectiva de xénero é o proceso de valorar as implicacións que ten para os homes e para as mulleres calquera acción que se planifique, xa se trate de lexislación, políticas ou programas, en todas as áreas e en todos os niveis.

A transversalidade ou “gender mainstreaming” está establecida como unha das prioridades horizontais estratéxicas, xunto coas accións específicas, de cara a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas, plans e programas, pero tamén no resto de aspectos organizacionais que é o que imos analizar neste punto. Combinar a transversalidade e o empoderamento como estratexias, permitirá optimizar os resultados nas políticas, plans e programas.

Neste senso, queremos analizar, non coa profundidade dun estudio estatístico ou sociolóxico senón como unha toma de contacto coa realidade, como está integrada a perspectiva de xénero dentro da organización e xestión das ongd galegas. Para isto, tomamos como base unha enquisa que se realizou durante os meses de xullo a outubro de 2008 dentro das ongd integradas na Coordinadora Galega de Ongd, á que contestaron un 40% de entidades. En primeiro lugar, queremos referirnos a que esta enquisa foi respondida por un 50% de persoal directivo e un 40% de persoal técnico (cun 61% de mulleres e un 39% de homes).

O xénero no seo das organizacións galegas

As ongd galegas están compostas principalmente de mulleres nun 78%, pero a cifra baixa ata un 56% se nos referimos exclusivamente a persoal directivo. En canto ao voluntariado, un 54% son mulleres, fronte a un 46% de homes.

Cando nos preguntamos se a cuestión “xénero” está integrada nos documentos que rexen as directrices das organizacións, un 50% mani-



festa que non está incluído como tal dentro dos seus estatutos, aínda que a porcentaxe baixa ata un 33% se temos en conta os plans estratéxicos, onde xa hai algunha resposta máis afirmativa. Igualmente, un 50% das organizacións manifesta que no seo das súas políticas existe unha política específica de xénero e o 100% das que responderon afirmativamente a utilizan sempre na práctica e na toma de decisións de xeito prioritario. Só un 22% das organizacións afirma que non teñen en conta sempre a perspectiva de xénero.

É moi alta a porcentaxe de organizacións que afirma ter en conta nas súas comunicacións unha linguaxe non sexista, un 78%.

Un 22% das organizacións conta cun departamento ou área específica de xénero, sen ter en conta programas particulares. Pero só un 16% das organizacións enquisadas contan cun orzamento específico para xénero.

É relevante que sendo esta unha necesidade das organizacións evidente, máis do 50% delas non ofrece formación específica en temática de xénero.

Diferentes concepcións do xénero nas ongd

En canto ás diferentes concepcións do xénero existentes dentro das ongd galegas, hai multitude de respostas, pero predominan aquelas que entenden o xénero como algo que debe ser transversal a todo o traballo da organización, e que vai máis alá, como un construto social e aberto que pretende a visibilización, primeiro, das relacións de poder desiguais en base a diferenzas biolóxicas, e, segundo, do diferente acceso ás oportunidades que teñen homes e mulleres en todo o mundo. A perspectiva de xénero, por isto, ten que ocuparse de visibilizar esa situación e aportar medidas activas, transformadoras e participativas, que favorezan o empoderamento das mulleres, medidas que, aínda entendidas como tratamentos diferenciais, tendan a corrixir unha situación de desigualdade.

É moi baixa a porcentaxe de organizacións que asocian xénero=muller, pero aínda existen, facendo fincapé en que son máis vulnerables, ou, incluso, aquelas organizacións para as que o tratamento de xénero se reduce á atención en programas de prostitución ou que non fan distinción



algunha e só centran a súa actividade nas persoas máis necesitadas sen facer distinción de xénero (5%).

Os conceptos máis repetidos cando preguntamos cales son as principais ideas que se asocian a este concepto (xénero) son:

- Igualdade
- Xustiza social
- Empoderamento
- Equidade
- Liderado
- Motor do desenvolvemento
- Corresponsabilidade
- Fenda de xénero
- Corrixir desigualdades

Polo tanto, prevalecen enfoques XED sobre enfoques MED nun 83%.¹

En canto á relación directa cos proxectos de desenvolvemento, é importante a reflexión que fan as organizacións na súa maioría de que a perspectiva de xénero nos permite analizar se un proxecto ou programa afecta de xeito diferenciado a homes e mulleres e corrixir esas desigualdades, de xeito transversal en todas as áreas e como método para mellorar o nivel de democracia participativa. Como dixeron algunhas: “*A perspectiva de xénero intégrase por diferentes motivos pero sobre todo*

1. O enfoque de Muller no Desenvolvemento (MED) reclama a visualización e o recoñecemento das contribucións das mulleres ao desenvolvemento e seu papel fundamental para que estes procesos se dean de xeito satisfactorio, situando a orixe da situación das mulleres no subdesenvolvemento dos pobos e realizando proxectos enfocados exclusivamente cara as necesidades prácticas das mulleres, inmediatas, moi relacionadas co papel que tradicionalmente exercen na sociedade. O enfoque de Xénero no Desenvolvemento (XED) busca superar algunhas limitacións dos enfoques MED, que aínda reproducen estereotipados roles tradicionais das mulleres e os homes, e recargan os seus esforzos vitais, sen cambiar as súas condicións estratéxicas e políticas. É recoñecido polas organizacións feministas e pola ONU como o enfoque máis efectivo para favorecer a igualdade e equidade de xénero nas accións de desenvolvemento (*Informe Análise de xénero na AOD*, Campaña Móvete pola Igualdade, 2008).



porque é a única base para unha boa cooperación". Son poucas as organizacións que se refiren ao xénero só para momentos específicos do proxecto ou as que entenden que non é necesario aplicala nos proxectos de cooperación (11%). É significativo que algunha organización en concreto reserva esta perspectiva para programas de formación e capacitación en áreas como por exemplo educación ou VIH/SIDA e non tanto para áreas técnicas.

Cando miramos cara ao interior das organizacións a reflexión afecta, sobre todo, a garantir que cada quen ocupa o posto que lle corresponde, *"a garantir unha cultura intraorganizacional da igualdade (...). É imprescindible facer unha revisión interna, así como traballar por unha transformación de estruturas"*, reflectindo que as propias organizacións non deixan de ser un reflexo da sociedade na que están inmersas, e, polo tanto, están sendo afectadas polo proceso de *reflexión* aínda que na maioría dos casos, dun xeito moi recente. Seguen prevalecendo os homes nos postos directivos e non se aplica a linguaxe non sexista á propia definición dos postos de traballo (ex. Técnico en lugar de técnica...). Só se pode garantir unha boa cooperación *"se a organización que a promove é a primeira en recoñecer e cambiar os patróns existentes (...) para que exista coherencia entre o discurso e a práctica institucional"*.

Para crear conciencia na sociedade sobre a problemática das fendas de xénero e mover cara ao cambio, a educación para o desenvolvemento e a sensibilización, convértese en ferramentas fundamentais de acción: *"dado que as inequidades de xénero non son unha realidade exclusiva dos países empobrecidos senón tamén das sociedades máis desenvolvidas, as accións de ED deben ser espazos nos que se cuestione, debata e evidencie as discriminacións sociais, educativas, económicas, etc., que viven as mulleres de aquí e as dos países nos que as organizacións están presentes"*



4. Comunicar o xénero e linguaxe non sexista

A linguaxe coma construto social leva reflectindo durante toda a historia da humanidade a preeminencia dun sexo sobre outro, en sintonía co sexismo e o androcentrismo da nosa sociedade patriarcal, que toman coma medida das cousas ó home e ocultan os logros do sexo feminino.

A linguaxe é así creada en razón dunha desigualdade social presente aínda nos nosos días. Esta desigualdade, froito do sistema patriarcal, determina que as normas da linguaxe veñen ditadas por grupos de poder que representan á ideoloxía dominante e que invisibilizan á parte oprimida. Este androcentrismo presente na linguaxe ímolo adquirindo de xeito inconsciente, como froito da nosa propia socialización. É por isto que a linguaxe sexista en moitos casos non é malintencionada, senón que responde ás pautas de socialización nas que nos desenvolvemos como persoas. Sen embargo, non debemos esquecer a estreita relación que existe entre o sexismo lingüístico, que exalta os logros dun só sexo e invisibiliza aos do outro, coa realidade social.

O sexismo lingüístico reflicte dunha maneira fidedigna a desigualdade real que existe entre ambos sexos na nosa sociedade, por iso é importante trocar tamén a parte lingüística para acadar a igualdade real. É por isto que avanzar cara unha linguaxe non sexista contribuirá á interiorización e solidificación da igualdade, posto que os dous sexos entrarán a formar parte da realidade no seu conxunto, sen que un só acapare todo o protagonismo.

A **linguaxe sexista** é aquela que exclúe a un certo sector da sociedade (xeralmente ás mulleres) en función do seu sexo. Dicimos que unha **linguaxe é androcéntrica** cando nela o home (e o masculino) constitúe a norma e o punto de referencia. Este tipo de linguaxe exclúe e discrimina ás mulleres, fai invisíbel a nosa presenza, consolida estereotipos que nos prexudican e reforza os roles asignados ás mulleres e homes pola sociedade patriarcal.

A miúdo, **os usos da lingua que discriminan ás mulleres non son claramente perceptíbeis**, pois a comunidade de falantes considéraos como a norma que cómpre seguir. O status quo patriarcal é percibido



como neutro, cando en realidade non o é, por isto debemos manter os ollos abertos para achar a discriminación, mesmo cando non é evidente. Segundo a linguaxe sexista:

- O home e o masculino é a norma
- As mulleres son invisíbeis na linguaxe
- A representación de mulleres e homes é asimétrica
- O home é o suxeito, o punto de referencia, a medida de todas as cousas, e representa a todos os seres humanos. No entanto, as mulleres, o feminino está incluído nas referencias masculinas. Os termos que fan referencia ás mulleres sempre son específicos, mentres que os que fan referencia aos homes teñen dúas funcións: a de marcar o xénero masculino e ser xenéricos englobando os dous xéneros.

Unha proba disto é a existencia do **masculino xenérico**, que consiste en utilizar un termo ou expresión en masculino para referirnos a unha colectividade de persoas de ámbolos dous sexos. As regras da gramática tradicional consideran “correcto” dirixirse a un grupo de mulleres e homes utilizando unha denominación en masculino. Sen embargo, o uso do masculino como suposto xenérico non **representa ás mulleres** realmente e fai que sexamos **invisibles**. O uso do masculino xenérico é moi frecuente e lémololo e escoitámolo case todos os días: na mensaxe de “benvido” cada vez que acendemos a computadora, en expresións comúns como “todos”, “os galegos”, “os cidadáns”, “os nenos”,... e tamén na escola en frases como “o home é un lobo para o home” ou “o home é a medida de todas as cousas”. Ao estar tan presente, moitas veces pasa desapercibido e considérase “natural”, aínda que non é tan “natural” como parece, senón que perpetúa a desigualdade que existe entre homes e mulleres.

A través da linguaxe androcéntrica os homes sempre están incluídos nas expresións en masculino, mentres que as mulleres temos que pensar se estamos incluídas ou non dependendo do contexto. Saber se estamos incluídas ou non require un proceso de aprendizaxe que comecemos dende nenas cando nos ensinan que se na porta do baño pon “homes” non podemos entrar, aínda que expresións como “o home de



Cromagnon” ou “os dereitos do home” “supostamente” fan referencia a ámbolos dous sexos.

Como detectar se se está a empregar linguaxe sexista

A **regra da inversión** é un dos métodos máis axeitados. Consiste en trocar o xénero dun discurso para saber se se están representando con simetría a ámbolos dous sexos. Deste xeito, seguindo os exemplos anteriores falaríamos de: “benvida”, “todas”, “as galegas”, “as cidadás”, “as nenas”, “a muller é unha loba para a muller” e “a muller é a medida de todas as cousas”. A través desta regra desfariase o masculino “xenérico” que o que provoca é a invisibilización das mulleres na linguaxe ou a asimetría na nosa representación. Un exemplo desta asimetría sería o feito de que o asociado coa categoría “masculino” ten connotacións e cualidades positivas, mentres que o asociado coa categoría “masculino” implica a ausencia desas calidades, isto é, supón ter características negativas e en ocasións connotacións sexuais denigrantes. Isto é facilmente perceptible en palabras coma fulano (home)/fulana (puta), coñazo/cara-ludo.

Outro exemplo de representación asimétrica son os baleiros léxicos que se dan cando non existen termos equivalentes nalgún dos xéneros. Os baleiros léxicos masculinos adoitan pertencer ao eido doméstico e os femininos a actividades profesionais “supostamente” de maior prestixio. Ao pasar os homes a desenvolver actividades tipicamente femininas, en vez de adoptar o título en feminino, a miúdo aparece un novo termo “máis técnico” e que eleva o status de profesión. Por exemplo “azafata” pasou a ser “auxiliar de voo”.

Outro exemplo de asimetría na representación de mulleres e homes na linguaxe é a anteposición das formas masculinas ás femininas. O masculino adoita ir case sempre en primeiro lugar como en: “Xoán, Sabela e Antía foron á escola en autobús” ou “os fillos e fillas”.

Nos dicionarios e glosarios, as nosas ferramentas de traballo, tamén existe a práctica de ordenar as palabras antepoñendo as formas masculinas ás femininas (alumno/a, secretario/a, neno/a, malo/a, ocupado/a etc.) en vez de seguir a orde alfabética.



Asimesmo, as formas de tratamento existentes para mulleres e homes son desiguais debido ás asimetrías existentes nos títulos. Para dirixirnos a un home podemos chamalo “Señor”, mais non “Señorito”, pois sería irónico ou unha falta de respecto dependendo do contexto. No entanto, para dirixirnos a unha muller temos que escoller entre “Señora” (se está casada) ou “Señorita” (se non o está).

Do mesmo xeito, nas linguas nas que existe a concordancia de xénero, prevalece sempre o masculino como en: “300 mulleres e un home foron asasinados” ou “13 mulleres e un can foron rescatados esta mañá polos servizos de emerxencia”. A primacía do masculino ao determinar a concordancia invisibiliza ás mulleres e relégaas a unha posición secundaria e dependente do home.

Estratexias da linguaxe inclusiva

As persoas adoitan [adoitamos] ver o mundo dende o punto de vista masculino, moitas veces sen chegar a ser conscientes do sexismo lingüístico. Aínda que certas expresións ou usos da lingua non sexan sexistas en si mesmos, ao ter interiorizada a regra de que “o masculino é a norma”, tendemos a interpretar @s referentes como masculinos por defecto. As estratexias de especificación do xénero ou feminización buscan acadar a igualdade na representación lingüística de mulleres e homes facendo que as mulleres sexan máis visíbeis na linguaxe, e polo tanto acaden unha maior visibilidade na sociedade.

As **estratexias de feminización**: Consiste en facer visibles a ambos sexos mediante marcas do xénero gramatical explícitas. Para isto pódense empregar barras, parénteses, arrobas, ou a duplicación dalgún termo. Hai que tratar de evitar repetir todas as palabras da oración con flexión de xénero, senón que hai que duplicar o grupo nominal da frase (ou o artigo no seu defecto). Exemplos: nenas/os, mulleres e homes; mañá chegan a muller e o home conferenciantes; mañá chegan o home e a muller conferenciante.

O uso do **feminino específico** consiste en marcar de novo en feminino un termo que xa ten marca de xénero feminina ou ben non a precisa debido ás características da gramática: por exemplo, cando dicimos



“mulleres académicas”, en vez de “as académicas”, “mulleres escritoras” en vez de “as escritoras”, etc. Ao utilizar “mulleres” ao lado de categorías profesionais ou na descrición de tipos de mulleres, por unha parte, facémonos máis visíbeis, e por outra (neste texto en concreto) reforzamos o sentimento de “irmandade” e a idea de que o colectivo mulleril é moi amplo, que os papeis que desenvolvemos difiren moito, e somos distintas e iguais ao mesmo tempo. Neste tipo de sintagmas, as mulleres son o elemento central, e os modificadores describen as diferentes tipoloxías existentes: mulleres anciás, mulleres traballadoras, mulleres policíaas, mulleres lingüístas, etc. En ocasións, o uso do feminino específico é preciso cando o texto é ambiguo, por exemplo cando no contexto utilizamos xenéricos ou epicenos e queremos resaltar que nos referimos a unha muller.

(In)determinación do xénero co epiceno “persoa”

Este recurso consiste en (in)determinar o xénero utilizando o epiceno “persoa” como modificador diante do substantivo. Ao dicir “persoa narradora” conseguimos centrar a atención no núcleo da frase nominal: a persoa pasa a ser protagonista, máis que o que fai (narrar) que aparece como complemento ou modificador.

Neoloxismos: ás veces é preciso crear palabras novas para describir novas realidades. Isto é doadamente perceptible no caso das novas tecnoloxías (email, i-pod, tupperwear, etc) pero o mesmo acontece con novas palabras relacionadas co xénero, que non fan senón dar un paso máis cara a igualdade. Exemplos: arquitecta, estudante, albanela, etc.

En conclusión, empregar unha linguaxe non sexista contribuirá ao cambio social cara a outra realidade máis igualitaria para ambos sexos.





Bibliografía

Bastardes Tort, C & FRANCO Ortiz, L. (2006) *Estudio-diagnóstico: la perspectiva de género en el trabajo de las ONGD catalanas*, Barcelona: Federació Catalana d'ONG per al Desenvolupament
[<http://www.mujeresenred.net/IMG/pdf/fcongdpdf.pdf>]

Batthyany, K. (1999) *El análisis de las relaciones de género en los proyectos de investigación: Género y Desarrollo*, Montevideo

Beuchot, M. (2002) "Pluralismo cultural y analógico" en *El discurso intercultural. Prolegómenos a una filosofía intercultural*, Madrid: Biblioteca Nueva
[www.fongdcam.org/paginas/recursos/contenido1.asp?g=3&p=5&r=5&c=16&sc=41]

Fundación Mujeres (2007), *Aplicación del enfoque de género en la gestión de entidades de acción voluntaria*, Madrid: Comunidad de Madrid

Giusti, M (1997) *Los Derechos Humanos en un contexto intercultural*
[<http://www.oei.es/valores2/giusti2.htm>]

Llopis, C. (2003) "Interculturalidad y Derechos Humanos" en *Recursos para una educación global ¿es posible otro mundo?*, Madrid: Narcea-Intered, páxs 43-49
[www.fongdcam.org/uploads/docs/Interes/interculturalidad/ArticulyDocumentos/GlobaYMulti/DDHHInter/Interculturalidad-DDHH-T39.pdf]

López Méndez, I. (2007) *El enfoque de género en la intervención social*, Madrid: Cruz Roja
[<http://82.103.138.57/es/registros/2605-el-enfoque-de-genero>]

Murguialday, C. et al. (2000) *Perspectiva de género en las ONGD vascas*, Bilbao: Seminario Mujer y Desarrollo, Mugarik Gabe, Hegoa
[<http://www.bantaba.ehu.es/obs/ocont/obs/gen/doc/ongvas/>]

PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento) (2004) *Informe sobre Desarrollo Humano 2004. La libertad cultural en el mundo diverso de hoy*, Nueva York: Naciones Unidas
[<http://hdr.undp.org/en/reports/global/hdr2004/chapters/spanish/>]

Tamayo, G. et al. (2003), *Género en la cooperación al desarrollo. Una mirada a la desigualdad*, Madrid: Acsur-Las Segovias
[<http://biblioteca.hegoa.efaber.net/registros/show/15391>]

VV.AA (2008) *Análise de Xénero na Axuda Oficial ao Desenvolvemento*, Madrid: Muevete por la Igualdad
[http://www.mueveteporlaigualdad.org/docs/AOD_gallego.pdf]



Revistas

Revista Crítica, Presente y futuro de los Derechos Culturales, nº 952,
marzo 2006
[www.revista-critica.com/sumarios.php?num=952]

Páxinas web e recursos en liña

Bantaba. Recursos para o desenvolvemento humano, a educación global e a participación cidadá
www.bantaba.ehu.es

Campaña Muévete por la Igualdad
www.mueveteporlaigualdad.org/

Edualter. Rede de recursos para a educación para a paz, o desenvolvemento e a interculturalidade
www.edualter.org

Educación en igualdade
www.educarenigualdad.org

Educación en valores
www.educacionenvalores.org

Índice de Equidade de Xénero:
www.socialwatch.org/es/avancesyRetrocesos/IEG/tablas/SWGEI.htm

Instituto da Muller de España
<http://www.migualdad.es/mujer/>

Manual dixital de Interculturalidade da Federación de ONG de desenvolvemento da Comunidade de Madrid
www.fongdcam.org/paginas/recursos/recursos0.asp?g=3

Nacións Unidas e muller
www.un.org/spanish/Depts/dpi/boletin/mujer/index.htm

PNUD e empoderamento da muller
www.undp.org/women/

Proxecto Worldmapper
www.worldmapper.org/

Rede Europea WIDE
www.wide-network.org



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Dirección Xeral de Cooperación Exterior



cooperación **galega**



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística